

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*ANUNCIO do 17 de xaneiro de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos definitivos no corpo de profesores de ensino secundario, especialidades (590019) Tecnoloxía, (590061) Economía, (590101) Administración de Empresas e (590107) Informática, e no corpo de profesores técnicos de formación profesional, nas especialidades (591216) Operacións de Produción Agraria, (591217) Patronaxe e Confección, (591226) Servizos de Restauración e (591227) Sistemas e Aplicacións Informáticas (Diario Oficial de Galicia do 10 de outubro).*

Unha vez publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación definitiva de excluídos na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Primeiro. Facer públicas na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es>) as puntuacións definitivas e a relación definitiva de excluídos do baremo para as prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidades (590019) Tecnoloxía, (590061) Economía, (590101) Administración de Empresas e (590107) Informática, e no corpo de profesores técnicos de formación profesional, nas especialidades (591216) Operacións de Produción Agraria, (591217) Patronaxe e Confección, (591226) Servizos de Restauración e (591227) Sistemas e Aplicacións Informáticas.

Segundo. Contra estas puntuacións definitivas e a relación definitiva de excluídos, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses, contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o xulgado do contencioso-administrativo,



conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2017

José Manuel Pinal Rodríguez  
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

